

Documento	Expediente	Fecha
CMG1210QG	CON/61/2017	27-04-18 14:30

Número 79 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar".

Destinatario

15078DCMG1210QGI



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 79 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE CALZADA DO EIXO DAS RÚAS PONTE MARZÁN-SANDINO-CRUCERO DE SAR".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 24 de abril de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/202 de data 24.4.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210QG	<i>Expediente</i> CON/61/2017	<i>Fecha</i> 27-04-18 14:30

Primeiro: Con data 27 de marzo de 2018 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL.

Segundo: Con data 17 de abril celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL (CIF: B32404972), por un importe de **294.808,59 euros** (IVE aparte 21%: 61.909,80 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15340 61900 2018 4 CALZA 49."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar", a favor da empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL (CIF: B32404972), por un importe de **294.808,59 euros** (IVE aparte 21%: 61.909,80 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I0QG	<i>Expediente</i> CON/61/2017	<i>Fecha</i> 27-04-18 14:30

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15340 61900 2018 4 CALZA 49.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández